

O meteorito de Musicantes

Carlos López-Keller Álvarez

Castelo de Musicantes. O nome parece tomado dalgún vello poemario fantástico, acaso referindo un alcázar defendido por cabaleiros barítonos, por ríolas de soldados armados con trompas, cornetas e fagotes. Nos Anais de Garci Sánchez, xurado de Sevilla, o misterioso castelo aparece mencionado para deixar constancia dun suceso extraordinario acaecido en marzo do ano 1466: a caída dun meteorito. “En dicho mes y año cayó una piedra que pesaba quatro arrobas, negra como la pez, en una fortaleza que dicen Musicantes...”, refire Garci Sánchez, “y vinieron con la dicha piedra diez o doce mil palomas, las cuales se desaparecieron luego”. Un meteorito dun quintal de peso, algo menos de cincuenta quilogramos, caeu en Musicantes con efectos devastadores; a pedra “derrivó la fortaleza” matando o conde que se ñoreaba aquel lugar. Garci Sánchez non ofrece moitos máis detalles da escena, pero podemos evocar o conde subindo á torre da homenaxe, vestido cunha pelica de coresma, para contemplar o morno solpor de marzo, cando de súpeto o lusco se encheu de luz e pombas. Outro libro do século XV, os *Fechos* de Alonso Fernández de Palencia, parece referir igualmente aquel “prodigium”.

Sucedeu? Non se sabe. A primeira morte documentada causada por un meteoro está datada oficialmente no 22 de agosto de 1888, na cidade iraquí de Suleimaniya. O curioso é que tal dato se averiguou no ano 2020, cando uns estudosos turcos acharon uns documentos nos que ninguén reparara. “Estes achádegos”, engaden os investigadores, “suxiren que talvez existan outros rexistros históricos que describan outros eventos que causaran mortes e feridas por meteoritos”. Velaí unha invitación que

non podemos desprezar: o antecedente que relata Garci Sánchez, de confirmarse, sería a referencia máis antiga do mundo dun episodio onde un bólido matara unha persoa. Paga a pena aceptar o envite.

En todo caso, diremos para nós, como non hai lugar chamado Musicantes, non houbo conde falecido neste estrafalario episodio. Ignorando a situación do suposto castelo, poremos en dúbida que ningún conde morrese pola caída dun meteorito na cabeza. Non esquezamos que Garci Sánchez escribiu á man os seus Anais; talvez alguén non entendeu a súa letra, talvez o autor, que era sevillano, recibiu mal o nome do lugar.

Non obstante, deixemos constancia de que, segundo as crónicas, o falecido era o conde de Santa Marta de Ortigueira. Cómpre recuperar algún antecedente.

Juan II de Castela tivo unha existencia ben novelesca, arrebatada e camorrista, protexido e ameazado ao mesmo tempo por unha nobreza que se debatía entre apoialo fronte ás intrigas dos aragoneses ou derrocalo á forza polo odio cervical que producía a figura do condestable D. Alvaro de Luna, íntimo aliado, talvez amante do Rei. As alianzas, os vencellos, os pactos, eran febles, oscilantes *qual piuma al vento* e o débil Rei podía contar coa seguranza de ben poucas amizades.

Un dos aliados abalantes de Juan II foi o Adiantado maior de Galicia, señor de Santa Marta de Ortigueira e home que, para desesepero de historiadores preguiceiros, se chamaba igual que o seu tío e igual que o seu bisavó: Diego Pérez Sarmiento. Era este D. Diego cabeza dunha vella casa de liñaxe nobre orixinaria,

como o seu nome nos indicará, dunha terra de vides e sarmentos, da ribeira castelá do Douro, e que levaba por donoso escudo a lembranza esquemática, en campo de goles, dun acio de uvas douradas.

O vencello dos Sarmiento con Galicia iniciárase xa no século XIV, na triste guerra civil entre Enrique de Trastámara e o Rei Pedro que rematou en 1369, como é ben sabido, cunha miserable liorta a navalladas entre os dous irmáns. Finalmente, o Trastámara acoitelou a Pedro e mandou a Galicia un amigo fiel, Pedro Ruiz Sarmiento, para pacificar o territorio, que vén sendo tanto como acabar cos aliados do vencido. O éxito da súa misión seralle recompensado co nomeamento de Adiantado maior de Galicia e coa concesión dos estratéxicos señoríos de Ribadavia e Santa Marta de Ortigueira, fitos ben axeitados para vixiar as andanzas dunha asilveirada nobreza galega.

No cabo do ano 1442 o Rei ascende ao noso Diego Pérez Sarmiento, neto de Pedro Ruiz Sarmiento, e promove o señorío de Santa Marta de Ortigueira ao rango de condado. Probablemente fixo tal para trabar a lealdade do Sarmiento, que apenas tres anos despois asistirá ao Rei na batalla de Olmedo, onde os casteláns expulsarán da Meseta para sempre aos infantés de Aragón. De paso, a instauración do condado creaba unha verdadeira insua de lealdade monárquica entre Vilalba e Pontedeume, terras dos impredicibles Andrade, casa que tivo que agardar corenta e catro anos para que os Reis Católicos creasen para Diego de Andrade o condado de Vilalba e cento un anos, nada menos, para que Carlos I concedese a Fernando de Andrade e das Mariñas o tan devezado condado de Andrade.

Sabemos que Diego Pérez Sarmiento, primeiro conde de Santa Marta de Ortigueira, casara en 1428 cunha muller de carácter e temple extraordinario, Tereixa de Zúñiga. As crónicas da época ofrecen detalles dunha vida marital fascinante; a parella amosa unha fonda alianza persoal, patrimonial e social. Ambos compartiron unha aventura vital que algún historiador como Miguel García-Fernández vén de valorar literalmente como “modelo de cordialidad y/o afectividad matrimonial”. Todo apunta a que se quixeron.

Tereixa foi un esteo fundamental para o seu marido nas loitas que este arrastrou durante anos con Alvaro Páez de Soutomaior; loitas de veciñanza pola propiedade das terras limítrofes entre Ribadavia e o propio Soutomaior: veigas de Boborás, Arenteiro, Salvaterra de

Miño... En 1450 un agradecido Diego regalou á súa muller a vila de Mucientes, cerne da casa señorial.

O 22 de xaneiro de 1465 o conde de Santa Marta de Ortigueira outorga testamento, logo completado por un codicilo asinado o 17 de febreiro de 1466. En contra dun costume secular, o conde non escolleu o lugar do seu enterramento, que pola contra será “do Doña Teresa de Çúñiga, condesa de Santa Marta, mi muger, mandare e ella dispusiere e viere que más cumple segund mi estado”. Tereixa mandou dar terra ao seu marido en Mucientes, actual provincia de Valladolid, baixo lápida onde campearía o escudo condal de Santa Marta de Ortigueira, que non era nin foi nunca o venerable escudo dos Faxardo, con tres matas de ortigas sobre ondas de mar, senón a familiar divisa dos Sarmiento. Pola súa parte, Tereixa deixou dito no seu propio testamento que “si acaesçiere mi finamento fuera de la villa de Muzientes, que me traygan a enterrar con el Conde, mi señor, que Dios aya”.

A parella non tivo descendencia. Diego Pérez Sarmiento, pola contra, enxendrou dous fillos fóra do matrimonio e debeu de manter unha relación especial co pequeno, Bernardino Pérez Sarmiento. No ano 1457, por unha provisión real dirixida a D. Diego, o Rei Enrique IV lexitimou e liberou o seu fillo Bernardino que “ovisteis... en Úrsula, su madre, seyendo ella esclava vuestra e seyendo ella moça que no tenía”.

Resulta tentador profundar nos motivos polos que estes excesos extramatrimoniais do conde non afectaron á relación coa súa muller. É pouco probable que Tereixa tomase estas andanzas do seu home como se fosen unha aventura romántica que cuestionase a súa fidelidade mutua. Tratándose dunha escrava, quen sabe se o tomaría por un forzamento trivial que, na súa mentalidade, non sería ilexítimo. O certo é que non coñecemos o destino de Úrsula; si que sabemos, porque Tereixa o deixou dito no seu testamento, que tratou a Bernardino “como fijo des pequeno fasta agora, e el syenpre me obedeció e nunca me salió de mi mandado”.

Confirmando este forte vencello entrambos, o 9 de marzo de 1466 o Rei Enrique IV firma o nomeamento de Tereixa como titora de Bernardino, daquela xa orfo; e grazas aos esforzos desenvolvidos dende entón pola condesa viúva, Bernardino, o fillo da escrava, chegará a ser o segundo conde de Santa Marta de Ortigueira.

O 17 de febreiro de 1466 Diego Pérez Sarmiento asina un codicilo testamentario e o 9 de marzo o seu fillo aparece descrito como orfo. Polo tanto, o conde tivo que morrer entre estas dúas datas, xusto coincidindo co momento no que Garci Sánchez localiza a caída do meteorito sobre a cabeza do conde. Con isto teríamos, quen sabe, un fio de indicio na veracidade do relato.

E desculpando unha referencia tomada a modo de argumento temerario, deixarei escrito que precisamente en 1466 o cometa Tempel-Tuttle sufriu ao seu paso pola Terra un violento esgazamento que provocou unha nube

de lixo e refugallo que orixinou entón, e aínda hoxe cada trinta e tres anos, unha choiva de meteoros baixo a constelación de Leo. Non me atreverei a profundar na especulación.

Segundo as crónicas, Diego Pérez Sarmiento, Adiantado maior de Galicia e primeiro conde de Santa Marta de Ortigueira, faleceu na campiña de Cigales, sobre un mar de garnacha e aráuza, baixo o arrolar de doce mil pombas, no vello castelo propiedade dos Sarmiento que o conde lle regalara á súa muller Tereixa, situado na vila de Mucientes, nome de grafía dubidosa nos documentos baixomedievais: Mucientes, Musientes, talvez Musicantes...

Referencias bibliográficas

- Carrasco y Cifuentes, Lorena (2017): “Los conflictos señoriales en Galicia. Enfrentamiento entre las casas de Sarmiento y Sotomayor en la segunda mitad del Siglo XV”, *Cuadernos Medievales* 23, pp. 82-100.
- Carriazo y Arroquia, Juan de Mata (1953): “Los anales de Garci Sánchez, jurado de Sevilla”, *Anales de la Universidad Hispalense* 1, pp. 3-63.
- Framiñán Santas, Ana María (2004): *Galicia na Idade Media*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- García-Fernández, Miguel (2011): “Los Sarmiento: Mujeres con poder al final de la Edad Media”, en M.^a I. del Val Valdivieso e C. Segura Graiño (coords.), *La participación de las mujeres en lo político: Mediación, representación y toma de decisiones*. Madrid: Almudayna, pp. 135-154.
- Unsalan, Ozan *et al.* (2020): “Earliest evidente of a death and injury by a meteorite”, *Meteoritics & Planetary Science*, <https://doi.org/10.1111/maps.13469>.